

O GABINETE DO DOUTOR CALIGARI

1237

Robert Wiene, 1920

ESTREA EN NUMAX: 06.02.2024 | V.O.S.E. | 75 min

Sentado nun banco dun parque, Francis anima o seu compañeiro Alan para que vaian a Holstenwall, unha cidade do norte de Alemaña, a ver o espectáculo ambulante do doutor Caligari. Un empregado municipal que lle nega ao doutor o permiso para actuar, aparece asasinado ao día seguinte. Francis e Alan acoden a ver o doutor Caligari e a Cesare, o seu axudante sonámbulo, que lle anuncia a Alan o seu porvir: vivirá até o amencer.

Sesión presentada por David Salgado, autores do libro colectivo "Un viaje por el cine fantástico y de terror. Vol 1" (Applehead Team)

«Este estraño e fascinante clásico da época muda estableceu as bases dos filmes de terror, noirs e thriller de hoxe en día»

Peter Bradshaw, THE GUARDIAN



Cinema, ficción e reinterpretación da historia

Por Paula López Montero

“Se eu tivese dirixido o filme tería tratado o prólogo e o epílogo dunha maneira realista, para expresar que aí se trata da realidade, mentres a parte principal describe a visión dun tolo” (Fritz Lang)

A importancia d'*O gabinete do Doutor Caligari* para o cinema e sobre todo para o cinema alemán é indiscutible. O expresionismo cualifícase dentro das vangardas do século XX, un panorama artístico que empezaba a fracturarse en diferentes tendencias, símbolo do convulso clima político e territorial do mapa mundial. Unha das grandes claves para pensar a arte deste tempo é a Primeira Guerra Mundial (1914-1919) e a era da Revolución Industrial que trouxo consigo dúas novas clases sociais: a burguesía e a clase obreira. O horror da guerra e unha sociedade máis tecnolóxica e moito máis deshumanizada serán carne de canón para os artistas, sobre todo alemáns.

Para o meu gusto o cinema expresionista alemán achégase, o que máis, á pintura de George Grosz, onde se observa ese desgusto polo mundo que o rodea e empeza a verse como a sociedade alemá sobre todo no ámbito moral se vai desintegrando. As angulosidades, a cor, o tumulto, as figuras sen rostro que teñen que ver coa idea da representación da masa onde todos son iguais, onde se expresa unha falta de identidade. Por outra banda, a utilización do automatismo tamén serve para reflectir a crítica ao momento e que se podería directamente comparar con *Metrópole* (Fritz Lang, 1927) c'*O gabinete do Doutor Caligari*.

Se tivese que pensar en cal é a película que mellor representa o expresionismo diría sen dúbida que é *O gabinete do Doutor Caligari*, onde a composición da imaxe a través dos xogos de luces e sombras, a maquillaxe, o vestiario, escenarios e ángulos fan unha perfecta distorsión, símbolo do desvío mental dos seus protagonistas. O filme, construído mediante un flashback, relátanos a historia do doutor Caligari, un hipnotista que utiliza os seus poderes para cometer asasinatos mediante o sonámbulo Cesar. A fotografía, o encadre e a calidade plástica fan do filme un representante exemplar da corrente expresionista. Pero se cadra o relevante sexa a reflexión que poida ter detrás.

A Alemaña nazi estaba a xestarse nesa época e Cesar durmido durante 25 anos non é máis que unha alusión ao pobo alemán durmido e manso levado a cometer crimes baixo os delirios do Reich ou dun doutor maniaco e asasino. Sen ningunha dúbida a arte é unha gran oportunidade de expresión, sutil ou non, da realidade. O cinema (obra de arte total) deixa claro que serve para entendernos e entender a nosa Historia.

O gabinete do doutor Caligari convida a reflexionar: foi o nazismo un delirio sacado da confusión entre ficción (ideoloxía) e realidade? Quizá isto ocupe unha reflexión aparte. Tamén me parece oportuno mencionar un pequeno paralelismo co Dr. Frankenstein, quizais coa bela dormente, para acabar coa española *El espíritu da colmena* (Víctor Erice, 1973). Pero por que? O factor común entre elas quizá sexa o xogo entre o sonambulismo, o onírico, a ficción e o ser humano como máquina. De feito, parécese grandioso o paralelismo que fai Erice en *El espíritu da colmena* co autómatas Frankenstein ás ordes do Doutor, os carreiros entre o cinema e a realidade na infancia e a metáfora á sociedade española da posguerra.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

*Un viaje por el cine
fantástico y de terror Vol.
1, VV.AA.*
Applehead, 2023

De Caligari a Hitler
Siegfried Kracauer.
Paidós, 1985